

ACTA N 2020/5
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
13.02.2020

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.....	2
PUNTO SEGUNDO. CORRECCIÓN ERRO LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO), DE LICENZAS DE OBRA XA AUTORIZADAS.....	2
PUNTO TERCEIRO. LICITACIÓN DO SERVIZO PARA A ASISTENCIA TÉCNICA DE XESTIÓN E DE COMUNICACIÓN DA ESTRATEXIA EDUSI NO CONCELLO DE AMES, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020.	
CLASIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN.....	5
PUNTO CUARTO. LICITACIÓN DE ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE PARA DESTINALO A ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING).	
CLASIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN.....	10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2020.

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as once horas e trinta minutos (11:30 h) do día trece (13) de febreiro de dous mil vinte (2020), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía, Luísa Feijóo Montero, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da sesión anterior, **ordinaria do 07.02.2020**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO. CORRECCIÓN ERRO LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO), DE LICENZAS DE OBRA XA AUTORIZADAS.

1.Expediente: [REDACTED]

A Xunta de Goberno local do [REDACTED], concedeu licenza de obra a [REDACTED] e [REDACTED], para construción de **vivenda unifamiliar** a executar na finca rexistral [REDACTED], referencia catastral [REDACTED] situada no Lugar [REDACTED], Parroquia de Biduído (Santa María), Ames.(expediente: [REDACTED]).

No devandito acordo, no dispositivo quinto, aprobouse a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, aplicando erroneamente a porcentaxe do 2%, cando a porcentaxe correcta é o 2,5% (BOP número 246, do 27.12.2019).

Visto o que antecede e o informe xurídico da asesoría de urbanismo, favorable á corrección exposta, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía, decreto 1776/2019, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Corrixir o dispositivo quinto de liquidación do ICIO do acordo de concesión da **licenza de obras**, da Xunta de Goberno local do [REDACTED], a [REDACTED] para construción de **vivenda unifamiliar** no Lugar de Biduído de Abaixo, Parroquia de Biduído (Santa María), Ames (expediente: [REDACTED]).

No lugar de dicir: *“aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, que ascende á cantidade de [REDACTED] euros con corenta centimos de euro (2 042,40 €) de acordo co seguinte detalle:*

Orzamento EM segundo o proxecto: [REDACTED].

Liquidación provisoria (2%): [REDACTED] €.

Debe dicir: “aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, que ascendía á cantidade de [REDACTED] de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: [REDACTED] €.

Liquidación provisoria (2,5 %): [REDACTED] €”

Segundo. Notificar aos interesados este acordo e indicarlles que poderá ser recorrido unicamente en reposición ante o mesmo órgano que ditou este acordo, previo ao contencioso administrativo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo).

Se no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, non se producise á súa resolución expresa, este recurso entenderase presuntamente desestimado e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado deste orde xurisdiccional, no prazo de seis meses contados dende o día seguinte ó que se produciu a desestimación presunta, nos termos establecidos no artigo 46.1 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A interposición do recurso de reposición só suspenderá a execución do acto impugnado se así o acorda o órgano que o ditou, previa a solicitude do recorrente acompañada do xustificante de ter constituído garantía suficiente para cubrir o importe da débeda recorrida e do xuro de demora que orixine a suspensión, nos termos sinalados na letra i do dito art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Terceiro. Dar traslado á Tesouraría municipal e recadación para a confección da correspondente liquidación tributaria.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2. Expediente : [REDACTED]

A Xunta de Goberno local do [REDACTED], concedeu licenza de obra a [REDACTED] [REDACTED], para construción de **vivenda unifamiliar** e piscina na finca rexistral [REDACTED], referencia catastral [REDACTED] situada na [REDACTED] [REDACTED], Bertamiráns, Parroquia de Ortoño (San Xoán), Ames.(expediente: [REDACTED]).

No devandito acordo, no dispositivo cuarto, aprobouse a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, aplicando erroneamente a porcentaxe do 2%, cando a porcentaxe correcta é o 2,5% (BOP número 246, do 27.12.2019).

Visto o que antecede e o informe xurídico da asesoría de urbanismo, favorable á corrección exposta, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía, decreto 1776/2019, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Corrixir o dispositivo cuarto de liquidación do ICIO do acordo de concesión da **licenza de obras**, da Xunta de Goberno local do 2 [REDACTED] a [REDACTED] [REDACTED], para construción de **vivenda unifamiliar** e piscina na [REDACTED] [REDACTED], Bertamiráns, Parroquia de Ortoño (San Xoán), Ames (expediente: [REDACTED]).

No lugar de dicir: “aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, que ascendía á cantidade de [REDACTED] de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: [REDACTED] €

Liquidación provisoria (2%): [REDACTED] €”

Debe dicir: “aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, que ascendía á cantidade de [REDACTED] de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: [REDACTED] €

Liquidación provisoria (2,5 %): [REDACTED] €”

Segundo. Notificar aos interesados este acordo e indicarlles que poderá ser recorrido unicamente en reposición ante o mesmo órgano que ditou este acordo, previo ao contencioso administrativo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo).

Se no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, non se producise á súa resolución expresa, este recurso entenderase presuntamente desestimado e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado deste orde xurisdiccional, no prazo de seis meses contados dende o día seguinte ó que se produciu a desestimación presunta, nos termos establecidos no artigo 46.1 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

A interposición do recurso de reposición só suspenderá a execución do acto impugnado se así o acorda o órgano que o ditou, previa a solicitude do recorrente acompañada do xustificante de ter constituído garantía suficiente para cubrir o importe da débeda recorrida e do xuro de demora que orixine a suspensión, nos termos sinalados na letra i do dito art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Terceiro. Dar traslado á Tesouraría municipal e recadación para a confección da correspondente liquidación tributaria.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

3. Expediente : [REDACTED]

A Xunta de Goberno local do [REDACTED] concedeu licenza de obra a [REDACTED] (Milagros Villar, NIF 32459550) e Edelmiro Manuel Fernández Parada, NIF 32459550 para construción de **vivenda unifamiliar** e peche, na finca coa referencia catastral [REDACTED], situada no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Ames (Santo Tomé), Ames (expediente. [REDACTED]).

No devandito acordo, no dispositivo quinto, aprobouse a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, aplicando erroneamente a porcentaxe do 2% cando a porcentaxe correcta é o 2,5% (BOP número 246, do 27.12.2019).

Visto o que antecede e o informe xurídico da asesoría de urbanismo, favorable á corrección exposta, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía, decreto 1776/2019, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Corrixir o dispositivo quinto da liquidación do ICIO do acordo de concesión da **licenza de obras**, da Xunta de Goberno local do 2 [REDACTED] 2020 a Begonia Teresa Villar (Milagros Villar, NIF 32459550) e Edelmiro Manuel Fernández Parada, NIF 32459550, para construción de **vivenda unifamiliar** e peche, no Lugar de [REDACTED] Parroquia de Ames (Santo Tomé), Ames (expediente. [REDACTED]).

No lugar de dicir: “aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, que ascende á cantidade de [REDACTED] de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: [REDACTED] €.

Liquidación provisoria (2%): [REDACTED]”

Debe dicir: “aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, ICIO, que ascendía á cantidade de [REDACTED] de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: [REDACTED] €.

Liquidación provisoria (2,5 %): [REDACTED] €”

Segundo. Notificar aos interesados este acordo e indicarlles que poderá ser recorrido unicamente en reposición ante o mesmo órgano que ditou este acordo, previo ao contencioso administrativo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo).

Se no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, non se producise á súa resolución expresa, este recurso entenderase presuntamente desestimado e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado deste orde xurisdiccional, no prazo de seis meses contados dende o día seguinte ó que se produciu a desestimación presunta, nos termos establecidos no artigo 46.1 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A interposición do recurso de reposición só suspenderá a execución do acto impugnado se así o acorda o órgano que o ditou, previa a solicitude do recorrente acompañada do xustificante de ter constituído garantía suficiente para cubrir o importe da débeda recorrida e do xuro de demora que orixine a suspensión, nos termos sinalados na letra i do dito art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Terceiro. Dar traslado á Tesouraría municipal e recadación para a confección da correspondente liquidación tributaria.

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO. LICITACIÓN DO SERVIZO PARA A ASISTENCIA TÉCNICA DE XESTIÓN E DE COMUNICACIÓN DA ESTRATEXIA EDUSI NO CONCELLO DE AMES, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020.

CLASIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN.

Expediente: 2019/C004/000011.

A Xunta de Goberno local do 20.09.2020 aprobou o expediente de licitación mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, e varios criterios de adjudicación, do contrato administrativo de servizos para a Asistencia Técnica da Xestión e de Comunicación da Estratexia DUSI (desarrollo urbano sostible e integrado) de Ames, no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020 cofinanciado ao 80% con fondos EDUSI IMPULSA AMES e o 20% polo Concello de Ames, convocando a súa licitación, mediante dous lotes:

Lote 1. Asistencia técnica para o servizo de apoio técnico para a xestión, coordinación, asesoramento administrativo, económico financeiro da EDUSI Impulsa Ames.

Lote 2. Asistencia técnica para o apoio na xestión global das accións de comunicación da EDUSI Impulsa Ames.

A Mesa de Contratación do procedemento de licitación, na súa reunión do 09.10.2019, para valoración dos sobres A- documentación administrativa e acreditativa do cumprimento dos

requisitos previos, acordou declarar admitidas no procedemento ás empresas Estrategia y Organización, S.A., e Servicios Integrales de Contratación e Intermediación DOMINUS SL.

A Mesa de Contratación do procedemento, na súa reunión do 14.10.2019, para a apertura dos sobres B-criterios subxectivos non valorables de forma automática, comproba que ambas empresas cumpren cos requisitos establecidos nos pregos de licitación, e acorda a remisión ao técnico responsable, das proposicións técnicas das dúas licitadoras indicadas para a súa valoración e puntuación.

Nesta mesma reunión, acórdase nomear como técnico responsable de valoración das proposicións técnicas a [REDACTED], Técnico de Promoción Económica e Responsable da Unidade de Xestión da Estratexia DUSI “Impulsa Ames”.

Unha vez valoradas as proposicións técnicas, a Mesa de Contratación do procedemento reúnese con data 07.02.2020, para a apertura dos Sobres C que conteñen as ofertas económicas e os criterios valorables automaticamente, formulando proposta de clasificación por orde decrecente de puntuación das empresas admitidas á licitación.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Clasificar, por orde decrecente de puntuación, as empresas participantes na licitación do Lote 1 denominado Asistencia técnica para o apoio na xestión, coordinación, asesoramento administrativo, económico-financieiro da EDUSI do seguinte xeito:

Lote 1: Asistencia técnica para el apoio en la xestión, coordinación, asesoramento administrativo, económico-financieiro	Empresa	Puntuación Criterios Subxectivos	Puntuación Criterios Obxectivos	Puntuación Total
	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.	43,00	51,17	94,17
Servicios Integrales de Contratación e Intermediación DOMINUS S.L.	30,00	52,00	82,00	

Segundo. Clasificar, por orde decrecente de puntuación, as empresas participantes na licitación do Lote 2 denominado Asistencia Técnica para o apoio na xestión global das accións de comunicación da EDUSI do seguinte xeito:

Lote 2 : Asistencia técnica para o apoio na xestión global das accións de comunicación	Empresa	Puntuación Criterios Subxectivos	Puntuación Criterios Obxectivos	Puntuación Total
	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.	42,00	52,00	94,00
Servicios Integrales de Contratación e Intermediación DOMINUS S.L.	32,00	49,06	81,06	

Terceiro. Declarar que as características esenciais da contratación para os licitadores clasificados en primeiro lugar son as que figuran na proposición formulada, e nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Cuarto. Prezo. As ofertas formuladas polas empresas son as seguintes:

Lote 1: Asistencia técnica para o apoio na xestión, coordinación, asesoramento

administrativo, económico-financieiro da EDUSI

Empresa	CIF	Prezo (IVA incluído)	Tempo máximo resposta	Bolsa de horas anuais
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.	A-36196418	130.418,33 €	1 día	240 horas

Lote 2: Asistencia Técnica para o apoio na xestión global das accións de comunicación da EDUSI

Empresa	CIF	Prezo (IVA incluído)	Tempo máximo resposta	Bolsa de horas anuais
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.	A-36196418	24.089,82 €	1 día	240 horas

Quinto. Duración do contrato.

A duración do contrato será de **CATRO ANOS**, sen posibilidade de prorrogas, dando por cumprido así o prazo máximo establecido no artigo 29.4 da LCSP.

Sexto.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sétimo.- Documentación a aportar, previa a adxudicación, pola entidade aseguradora que presentou a mellor oferta,

No prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a seguinte documentación, imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación.

Ao tratarse en ambos lotes (lote 1 e 2) dunha única empresa adxudicataria que se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores da Xunta de Galicia co número de inscrición 1.915 so deberá presentar a seguinte documentación:

1º.- Declaración xurada de que non variaron as circunstancias que figuran inscritas no Rexistro de Licitadores da Xunta de Galicia

2º. Solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional, (segundo establecido no Anexo III do PCAP)

Ao atoparse inscrito no Rexistro de licitadores da Xunta de Galicia queda exento de acreditar a súa solvencia económica e financeira, debendo acreditar unicamente a solvencia técnica ou profesional do seguinte xeito:

Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, avalados por certificados de boa execución polos seguintes importes:

Lote n.º	70% Anualidad Media
Lote n.º 1	22.190,77 euros
Lote n.º 2	4.098,99 euros

Deberá achegar certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público. Cando o destinatario sexa un suxeito privado deberá achegar unha certificación expedida por este, ou a falta de esa certificación mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

3º. Documentos acreditativos da efectiva disposición dos medios adscritos ao contrato tal e como se indica no Anexo VI.

Medios persoais:

Capacitación do persoal asignado á execución do contrato:

NOMBRE	CUALIFICACIÓN PROFESIONAL
ET-1 Coordinador de proxecto,	<ul style="list-style-type: none"> • Titulación Universitaria Superior (antes do proceso Bolonia) /titulación Universitaria (espazo europeo de Educación Superior). • Experiencia acreditada de máis de 10 anos na prestación de servizos de asistencia técnica na xestión e coordinación de proxectos cofinanciados por fondos e programas europeos. Considérase adecuada a experiencia mínima de 10 anos, tempo necesario para participar nun mínimo de dous períodos distintos de proxectos financiados con fondos europeos. • Experiencia de coordinación de servizos de asistencia técnica en proxectos de desenvolvemento urbano sostible. • Experiencia na prestación de servizos de asistencia técnica en proxectos de iniciativa urbana. • Experiencia na prestación de servizos de asistencia técnica para a xestión a Organismos Intermedios do FEDER e/ou outros Fondos Estruturais e de Investimento europeos. • Participación acreditada na elaboración de estratexias de desenvolvemento urbano sostible.
ET-2 Técnico/a senior xestión/ execución,	<ul style="list-style-type: none"> • Titulación Universitaria Superior (antes do proceso Bolonia) /titulación Universitaria (espazo europeo de Educación Superior) • Experiencia acreditada de máis de 8 anos na prestación de servizos de asistencia técnica na xestión e coordinación de proxectos cofinanciados por fondos e programas europeos. Considérase adecuada a experiencia mínima de 8 anos tempo necesario para participar en dous períodos de financiamento europeo. • Experiencia acreditada en servizos de asistencia técnica de proxectos de desenvolvemento urbano sostible. • Participar na elaboración de tres estratexias de desenvolvemento sostible integrado.
ET-3 Técnico/a senior xestión/execución,	<ul style="list-style-type: none"> • Titulación Universitaria Superior (antes do proceso Bolonia) /titulación Universitaria (espazo europeo de Educación Superior) • Experiencia acreditada de máis de 5 anos na prestación de servizos de asistencia técnica na xestión e coordinación de proxectos cofinanciados por fondos e programas europeos. Considérase adecuada a experiencia mínima de 5 anos tempo necesario para participar en dous períodos de financiamento europeo. • Experiencia acreditada en servizos de asistencia técnica de proxectos de desenvolvemento urbano sostible. • Participar na elaboración de dúas estratexias de desenvolvemento sostible integrado.
ET-1 Coordinador de proxecto,)	<ul style="list-style-type: none"> • Titulación Universitaria Superior (antes do proceso Bolonia)/titulación Universitaria

	(espazo europeo de Educación Superior)
	<ul style="list-style-type: none"> Experiencia acreditada de máis de 10 anos na prestación de servizos de asistencia técnica na xestión e coordinación de proxectos cofinanciados por fondos e programas europeos. Considérase adecuada a experiencia mínima de 10 anos tempo necesario para participar en dous períodos de financiamento europeo.
ETC-1 Técnico/a senior Comunicación,	<ul style="list-style-type: none"> Titulación Universitaria Superior (antes do proceso Bolonia)/titulación Universitaria (espazo europeo de Educación Superior) Experiencia acreditada de máis de máis de 8 anos prestando servizos de asistencia técnica en labores de comunicación e participación a Organismos Intermedios para a xestión de fondos FEDER. Considérase adecuada a experiencia mínima de 8 anos tempo necesario para participar en dous períodos de financiamento europeo.

Forma de acreditación:

Titulación oficial: acreditarase mediante copia de la titulación oficial requerida.

Experiencia: acreditarase mediante contratos de traballo, certificados de empresa e vida laboral. Así mesmo será necesario indicar os contratos de asistencia e comunicación prestados a administracións públicas nos que participase, acompañados de certificados de boa execución, seguindo o modelo indicado a continuación.

Nome e apelidos do profesional	Denominación do proxecto no que participase	Administración pública para a que prestou o servizo	Anos de duración do contrato

Medios materiais:

Seguro de Responsabilidade Civil por un importe mínimo de 300.000 euros. Deberá aportar unha copia do seguro de responsabilidade civil así como último recibo de pago.

4º. Constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente.

Lote	Importe adjudicación sen IVE	Importe Garantía (5%)
Lote nº 1.- Asistencia técnica para o apoio na xestión, coordinación, asesoramento administrativo, económico-financieiro da EDUSI	107.783,74 €	5.389,18 €
Lote nº 2: Asistencia Técnica para o apoio na xestión global das accións de comunicación da EDUSI	19.908,94 €	995,44 €

A constitución da garantía definitiva poderá facerse mediante Aval Bancario ou en efectivo mediante transferencia bancaria efectuada ao seguinte número de conta bancaria de titularidade municipal: ES76/2080/0317/7031/1000/0116.

Se formulase garantía definitiva a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, conxuntamente co resto da documentación requirida, unha copia de dito aval, debendo entregar o aval orixinal no Rexistro Xeral Municipal dentro do prazo (10 días) para presentar a documentación.

Oitavo. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados.

Noveno. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**PUNTO CUARTO. LICITACIÓN DE ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE PARA DESTINALO A ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING).
CLASIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN.**

Expediente 2019/C006/000007.

A Xunta de Goberno local do 26.12.2019, aprobou o expediente de licitación da adquisición dun ben inmovible, por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, para destinalo a espazo de traballo colaborativo (Coworking), na modalidade de compravenda con pago aprazado, convocando a súa licitación.

Rematado o prazo de presentación de propostas polos licitadores, a Mesa de Contratación do procedemento, reúnese o 15.01.2020, aos efectos de apertura e cualificación da documentación do sobre A - Documentación administrativa, da única empresa licitadora, Santiago Sur Galicia, S.L., resultando admitida no procedemento.

A Mesa de Contratación do procedemento, na súa reunión do 21.01.2020, aos efectos da apertura do sobre C -criterios automáticos de valoración, da única licitadora e declarada admitida Santiago Sur Galicia,S.L. , acordando solicitar aos técnicos municipais (██████████ arquitecta municipal e ██████████, técnico de promoción económica) que emitan, previa comprobación que o inmovible ofertado cumpre coas características indicadas na cláusula 15 do prego, informe técnico de valoración da oferta presenta, conforme ao criterios contidos nos pregos, especificando se a puntuación que outorgan precisa ou non a execución de obras e, en caso de selo, si están contempladas no proxecto presentado.

Figura no expediente informe técnico de valoración ao efecto, do 29.01.2020, no que ambos técnicos subscriben que a suma da valoración total dos criterios do 2 ao 6 do prego é de 80 e correspondéndose dita valoración co estado actual e non require da execución de novas obras.

A Mesa de Contratación do procedemento, na súa reunión do 07.02.2020, vistos os informes técnicos de valoración, formula proposta de clasificación de ofertas por orde decrecente de puntuación das empresas admitidas.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno local ,por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación de Alcaldía (decreto 1776/I019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar por orde decrecente de puntuación a/s empresa/s participantes, declaradas admitidas na licitación do expediente para a Adquisición dun ben inmovible con destino a espazo de traballo colaborativo (Coworking) do seguinte xeito:

Empresa	CIF	Outros criterios avaliados de forma automática	Prezo de Venda	Puntuación Total
SANTIAGO SUR GALICIA S.A.	B-70257472	80	20	100

Segundo.- Declarar que as características esenciais da contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar, **Santiago Sur Galicia S.A., CIF B-70257472**, que figuran na proposición formulada e nos pregos de cláusulas administrativas particulares e nos pregos de prescricións técnicas son as seguintes:

Base	IVE	Total
475.206 .-€	99.793,26.-€	574.999,26.-€
Catrocentos setenta e cinco mil douscentos seis euros	Noventa e nove mil setecentos noventa e tres euros con vinte e seis céntimos	Cincocentos setenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con vinte e seis céntimos

Indicar en que zona se atopa o local:

Zona A

Zona B

Outros criterios avaliados de forma automática:

Criterio 1. Redución no prazo de entrega do local a contar dende a formalización do contrato (30 días naturais) ata un máximo de 15 días naturais	
Días de redución	30 días
Criterio 2. Metros cadrados de fachada de cara ao espazo público, rúa ou praza lindante.	
Metros cadrados de fachada	232,20.- M2
Criterio 3. Distancia do local á parada de transporte público metropolitano máis cercana en metros	
Distancia en metros	15 metros
Criterio 4. Ubicación do local.	
Dirección na que se ubica o local	Rúa das Hedras, nº2, Milladoiro (Ames)
Criterio 5. Características do inmovible	
Dispón de aire acondicionado	SI
Dispón de sala de reunións	SI
Dispón de despachos (indicar número de despachos dos que dispón o local)	SI 3 DESPACHOS

Terceiro.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Cuarto.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado, particularmente a formalización do contrato.

No prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a seguinte documentación, imprescindible para proceder a adxudicación.

Dado que os documentos que se requiren con carácter previo a adxudicación poderán obterse de oficio por parte desta administración (certificacións positivas expedidas pola Axencia Tributaria, Seguridade Social) a empresa adxudicataria deberá presentar única e exclusivamente a través da Sede Electrónica do Concello de Ames un documento/autorización a nome do concello para poder comprobar de oficio os datos tributarios e da seguridade social.

Quinto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo